

## O PROXECTO DEPORTIVO DO CENTRO

Este é o segundo ano que se leva a cabo o proxecto deportivo de centro. Este proxecto ten como principal obxectivo que o alumnado adique máis tempo á práctica de actividade física dentro da xornada escolar. Para tal fin leváronse a cabo diferentes propostas durante o curso: recreos activos, xornadas de deporte escolar e celebración de conmemoracións en movemento. Para saber en que consiste cada unha das mesmas van a explicalas e dar a súa opinións algúns nenos e nenas do colexio.

### RECREOS ACTIVOS



“Gústame o recreo porque podo coller pádel e xogo cos meus amigos”.

*Lucía de 2º de primaria*



“Os recreos están moi ben porque podemos coller moito material. Eu xogo sempre cos sticks ao hockey”.

*Yago de 1º de primaria*

### CONMEMORACIÓNS EN MOVEMENTO

#### XOGOS POPULARES DO MAGOSTO



“O que máis me gustou dos xogos do magosto foron os trompos porque tamén xogo con eles no recreo, podes facer combates e son moi emocionantes”.

*Bruno de 3º de primaria*

#### AS OLIMPIADAS DAS LETRAS GALEGAS



“Este foi o primeiro ano que participei nas olimpiadas . O meu equipo gañou na proba de relevos e tivo un final moi emocionante”

*Fabio de 4º de primaria*



# O PROXECTO DEPORTIVO DO CENTRO

## DEPORTE ESCOLAR

Como todos os anos o alumnado de 5º e 6º de primaria participou conxuntamente con outros centros da comarca en diferentes xornadas deportivas. Este ano en concreto puideron practicar: fútbol, baloncesto, bádminton e campo a través.





# O PROXECTO DEPORTIVO DO CENTRO

## DEPORTE ESCOLAR II

Algúns dos nenos e nenas do centro acadaron medalla nalgunhas das xornadas e incluso houbo clasificados para campionatos provinciais e galegos escolares.



“Ese día paseino moi ben, aínda que rematei algo cansa. Tiven que correr contra a miña amiga Noa, eu quedei 1ª e ela 2ª, foi estupendo.”

*Raquel de 6º de Primaria*

“Foi moi duro pero divertido. Eu quedei 2ª e a miña amiga Raquel de 1ª. Canseime moito e aínda que case quedei sen respiración ao final puiden rematar a carreira.”

*Noa de 6º de Primaria*

“Canseime moito pero ao final valeu a pena porque gañei unha medalla. O que máis me gustou foi correr contra outros colexios e estar cos meus compañeiros”

*Adriana de 6º de Primaria*

“Tivemos que correr moito pero pasámolo moi ben. Eu gañei unha medalla pero o importante foi participar.”

*Paula de 5º de Primaria*



“No torneo de bádminton paseino xenial e fixen moitos amigos. Pasei a ronda final e conseguin clasificarme para o campionato provincial no que quedei de 6º entre 300 nenos.”

*Pedro 5º de Primaria*

“Conseguin clasificarme para o campionato provincial de bádminton, para iso tiven que participar antes en dous torneos. Foi moi divertido e incluso me atopei con un amigo de outro colexio. Recomendo dar todo de un mesmo e esforzarse cando se vai a unha destas xornadas.”

*Gabriel de 6º de Primaria*

“O día 11 de maio competín no campionato provincial de bádminton e quedei de 3ª. Para poder participar tiven que clasificarme antes en dúas xornadas. Mentres xogaba movíame dun lado ao outro moi ilusionada e con gañas de gañar. Foi unha tarde estupenda chea de emocións, puiden coñecer e compartir momentos moi divertidos con moitos nenos.

Cando me enterei que quedara en terceiro lugar peguei saltos de alegría e conteillo aos meus pais e aos meus amigos. ¡Menuda sorpresa!”

*Isabella de 5º de Primaria*